



# PLAN DIXITAL

## CEIP A CARBALLEIRA

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

O CEIP A Carballeira é un centro público, onde se imparten ensinos de Educación Infantil e Educación Primaria. Cada curso, aproximadamente, contamos cunha matrícula de 100 alumnos/as.

Os datos básicos do centro detállanse a continuación:

- ✓ Nome: CEIP A CARBALLEIRA
- ✓ Dirección: Lugar A Comboa, nº 10, Lourizán – Pontevedra, CP 36910
- ✓ Correo: ceip.carballeira@edu.xunta.es
- ✓ Páxina WEB: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipacarballeira/>
- ✓ Teléfono: 886151574

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O contorno socioeconómico do centro é variado. Contamos con familias de nivel socioeconómico medio-baixo. Malia todo, a meirande parte, son familias preocupadas polo proceso educativo dos seus fillos e fillas que procuran apoiar dende o fogar a labor do centro dentro das súas posibilidades. Poucas teñen facilidades para apoiar o estudo do alumnado dende a casa e algunhas teñen expectativas de pór a disposición do alumnado medios que permitan a realización de estudos superiores ou formación profesional que lles posibilite a inserción laboral. Tamén, encontramos familias que precisan axudas para dotar dos recursos educativos necesarios ao alumnado nos seus fogares.

As posibilidades socioculturais da localidade son as ofertadas polo propio centro, a ANPA, e, en ocasións, as asociacións de veciños.

Porén, o CEIP A Carballeira é un centro que tende a promover cantas iniciativas ten ao seu alcance. Entendemos a educación como un elemento compensador das desigualdades sociais, cuxos principios básicos son a participación e a xestión democrática por parte da comunidade escolar.

O Plan Dixital do CEIP A Carballeira é un instrumento de planificación integrado no Proxecto Educativo que persegue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información, competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensino-aprendizaxe.

Será o instrumento que adecúe e facilite o uso dos medios dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe, entendido desde o obxectivo do desenvolvemento pleno e integral do alumnado. Para iso, é fundamental dar un enfoque de centro ao uso dos recursos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, de modo que se converta nun proxecto compartido para os membros da comunidade educativa, que dea coherencia e guíe o uso das tecnoloxías. Será un instrumento que forme parte do Proxecto Educativo, o Proxecto de Dirección e a Programación Xeral Anual (PXA)“.

Este plan está concibido como un documento vivo que contén os acordos alcanzados no centro con respecto aos obxectivos xerais do plan, as estratexias de dinamización e xestión dos recursos tecnolóxicos, e a inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares. Supón un compromiso por

parte de toda a comunidade educativa. Cada un, na medida das súas posibilidades e o seu nivel actual de formación.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa que contextualiza o Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- ✓ Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- ✓ Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- ✓ Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Mencionar tamén como referencia fundamental para que o centro desenvolva o seu potencial dixital a través dun Plan, o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg), desenvolvido polo Centro Común de Investigación (JRC, Joint Research Centre), da Comisión Europea. Este Marco é parte do estudo Furthering Innovative Education, posto en marcha pola Dirección Xeral de Educación Cultura da Comisión Europea e o Centro Común de Investigación – Instituto de Estudos de Prospectiva Tecnolóxica (IPTTS).

### 1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do presente Plan Dixital partiu do consenso, traballo, colaboración e participación dos membros do Claustro integrantes do grupo de traballo creado a través do CFR de Pontevedra no curso 2021/22 dentro das liñas de actuación do PFPP no centro, concretamente, na actividade ***P2105140- PFPP P2131117 Análise da competencia dixital do centro e elaboración do Plan Dixital.***

Ao longo do curso, o grupo de traballo do Plan Dixital foi materializando, nas sucesivas reunións, a análise e diagnose da situación do centro, a elaboración do plan de acción (obxectivos, indicadores e accións), o proceso de avaliación do plan e a súa difusión; seguindo sempre a folla de ruta marcada polo equipo ADIX PONTEVEDRA a través do mentor asignado, para elaborar o documento final.

Mediante o presente plan, preténdese:

- ✓ Avaliar a situación do centro educativo con relación ao uso da innovación e as TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
- ✓ Recoñecer o Plan anual dixital coma un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.

- ✓ Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible si é unha organización dixitalmente competente.
- ✓ Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital nas mesmas.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### Recursos do centro

O centro dispón no seu edificio de diversos recursos dixitais a disposición dos membros do equipo directivo, do profesorado e do alumnado.

#### ✓ **Aulas: computadores, proxectores e pizarras dixitais**

Dispónse de dúas aulas Edixgal, é dicir que tanto o alumnado, como o profesorado participantes, contan cun computador persoal á súa disposición, podendo facer uso dos mesmos tamén nos seus domicilios.

En cada aula existe tamén, un dispositivo para o profesorado e descoñécese o estado actual de cada un, xa que algúns son equipos con certa antigüidade, polo que sería conveniente ir renovando os máis antigos.

A biblioteca conta cun ordenador para o profesorado, con certa antigüidade, e dous ordenadores de mesa para a consulta do alumnado que deberían ser renovados polo seu mal funcionamento.

Case todas as aulas dispoñen tamén de proxector e altosfalantes, así como de pizarras dixitais. Algúns dos proxectores teñen xa bastantes anos, o que se nota na calidade das proxeccións. Así mesmo, as pizarras dixitais máis antigas, non funcionan ou teñen un mal funcionamento, debido á dificultade para actualizar os "drivers" das mesmas, especialmente nos equipos con sistema operativo Linux.

Todos os computadores están conectados á rede, e contan co paquete de oficina *Libre Office*.

#### ✓ **Proxectores**

Case todas as aulas e a Biblioteca están dotadas de proxectores. Non contan con este recurso: aula de Música, PT e AL.

#### ✓ **Pizarras dixitais**

O centro dispón dunha pizarra dixital en cada grupo-aula, pero algunhas delas non funcionan correctamente, debido á súa antigüidade. Mencionar que Biblioteca Escolar, aula de Música, PT e AL non contan con este equipamento.

#### ✓ **Espazo Maker**

Durante o curso 2020-2021 creamos un espazo Maker con impresora 3D, material de robótica e outros materiais tecnolóxicos.

✓ **Webcam:**

O centro dispón dunha soa webcam, máis as que incorporan os equipos portátiles.

✓ **Tablets**

Os dispositivos dos que se dispón o centro, atópanse en bastante mal estado, utilizándose principalmente para a realización de actividades do programa de iniciación á robótica educativa.

✓ **Conexión Wifi**

Aínda que se dispón de conexión *Wifi*, con cinco puntos de acceso no centro, o ancho de banda é deficiente e a velocidade de transferencia de datos é insuficiente nalgúns momentos puntuais.

Resumindo, por unha banda, destacar positivamente que o centro atópase integrado nos proxectos ABALAR, EDIXGAL e "Introdución á robótica educativa en primaria". Por outra banda, mencionar negativamente o mal funcionamento da rede WIFI en momentos puntuais e que os equipos e *software* son obsoletos.

**Recursos do alumnado**

Fíxose unha análise previa durante o curso pasado, a través dos titores/as, que detectaron as deficiencias de conectividade e dispositivos a nivel de grupo/clase.

Unha pequena porcentaxe do alumnado utiliza o teléfono móbil como dispositivo, recoñecendo unha parte dos enquisados ter dificultades para o seguimento das clases *online* cos seus propios medios.

Un 3% do alumnado manifestou non ter acceso a Internet e subliñar que a pesar de ter dita conexión, unha pequena parte do alumnado carecía de dispositivos informáticos para conectarse.

**Situación actual**

A pandemia provocada por o SARS-CoV-2 acelerou a aposta polo ensino dixital dos centros educativos. Desde marzo de 2020, tivemos que realizar unha actuación dixital non planificada para resolver a situación de confinamento. O centro conta cun Plan de Continxencia publicado na súa web:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipacarballeira/system/files/PLAN%20DE%20CONTINXENCIA.pdf>

Tras estes dous cursos, a situación actual pódese manifestar indicando:

***Aspectos positivos***

Concienciación da necesidade da implantación de ferramentas dixitais para a contorna educativa.  
Mellora das competencias dixitais do profesorado e do alumnado.

***Aspectos negativos***

Necesidade para o equipo directivo, o profesorado e o alumnado de formación e n

- ferramentas dixitais.
- Falta de recursos do alumnado.
- Necesidade dunha planificación previa para o ensino dixital.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE:** inclúese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa do centro na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	2,8				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	3,5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	4,5				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,9				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	2,9				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	3				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	4,3				

**Test CDD:** inclúe a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén reflicte o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	10	90%
PROVISIONAL	5	5	100%
INTERINO			
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
67,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Infantil	59,1	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Primaria	69	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	6	40%
B1	7	46,7%
B2	2	13,3%
C1		
C2		
TOTAL	15	100,00%

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o Grupo de traballo do PFPP do Plan Dixital, xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Infraestrutura no centro Dispositivos dixitais para a ensinanza nas aulas Acceso a internet no centro Asistencia técnica no centro Sistema de protección de datos Dispositivos dixitais para a aprendizaxe nas aulas ABALAR-Edixgal	Insuficientes dispositivos para a aprendizaxe nos cursos non ABALAR Edixgal (EI, 1º, 2º, 3º E 4º EP). Estado dos equipos do centro Acceso a internet dende os fogares Asistencia técnica nos fogares
	PERSOAL DOCENTE	Novas modalidades de ensino Colaboración e formación Avaliación do progreso Necesidades de Desenvolvemento profesional Continuo (DPC) Participación no DPC Recursos educativos en liña Uso de entornos virtuais de aprendizaxe Comunicación coa comunidade educativa Adaptación ás necesidades do alumnado Fomento da creatividade implicación Adaptación ás necesidades do alumnado	Insuficiente estratexia dixital Debate sobre o uso das tecnoloxías intercambios de experiencias Falta de tempo para a elaboración de materias educativas propios. Poucos proxectos interdisciplinares Retroalimentación e autoreflexión sobre a aprendizaxe
	PERSOAL NON DOCENTE		



<b>ALUMNADO</b>	Implicación, colaboración e motivación do alumnado no uso das novas tecnoloxías	Acceso do alumnado (non ABALAR-EDIXGAL) a dispositivos fóra do centro Conectividade dende os fogares Creación de contidos dixitais Coñecementos sobre os dereitos de autor e licencias de uso dos recursos dixitais	
<b>FAMILIAS</b>		Insuficiente competencia dixital das familias	
<b>OFERTA</b>	Existencia no centro de Proxectos e programas que favorecen e facilitan ás novas modalidades de ensinanza		
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Incorporación das novas modalidades de ensino Asistencia técnica Uso das TICs para a avaliación do alumnado	Tempo escaso para trasladar á aula os cambios metodolóxicos	

<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Programas de Formación presencial e a distancia no eido Dixital Dotación de medios para a elaboración do Plan Dixital Fomento dos PFPP nos centros Ampliación dos recursos dixitais Abalar e no EVA-EDIXGAL Software libre	Exceso de burocracia
	<b>LEXISLACIÓN</b>		Cambios lexislativos
	<b>ANPA</b>	Comunicación fluída co centro Colaboración e implicación co profesorado	Necesidade de formación no eido dixital
	<b>CONTORNA</b>		Escaseza de recursos materiais
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	Concello: proposta de actividades relacionadas co mundo dixital (conectividade segura e responsable, ciberacoso...) Colaboración do CFR Pontevedra	

### 3. Plan de Acción

A posta en marcha das accións que se levarán a cabo no Plan de Acción, estará supeditada ás necesidades detectadas na enquisa SELFIE e no test de CDD, á análise dos recursos dispoñibles no centro (segundo a dotación tecnolóxica, a conectividade, as plataformas e servizos dixitais e o mantemento necesario, entre outros), á análise realizada dos recursos dispoñibles do alumnado e ás necesidades detectadas derivadas da situación actual.

Partindo deste mapa integral diagnóstico, fixéronse os obxectivos neste plan que serán revisados cada ano e que son susceptibles de ser modificados durante o curso escolar. Así, establecéronse, dentro do Grupo de traballo do PFPP, obxectivos concretos (vinculados aos membros do equipo directivo, ao profesorado, ao alumnado e á xestión do centro).

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Tomando como referencia a información recollida na análise DAFO, establecéronse prioridades e concretáronse os obxectivos, indicadores e accións no Plan de Acción.

Os obxectivos, expostos nas **táboas** seguintes, están contextualizados nas áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg. Asemade reflíctese, asociado a cada obxectivo, ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos; información que nos reporta aos indicadores e os seus valores de partida e de chegada. Recolléñense as accións para conseguir cada obxectivo, os responsables das mesmas, a temporización e os recursos necesarios.

**Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa** que recolle esta información. Mencionar que a mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

A continuación, noméanse obxectivos concretos vinculados aos membros do equipo directivo, ao profesorado, ao alumnado e á xestión do centro.

#### Obxectivos vinculados ao equipo directivo

- ✓ Dixitalizar os procedementos administrativos e de xestión do centro

#### Obxectivos vinculados ao profesorado

- ✓ Mellorar a competencia dixital dos docentes de acordo co nivel de competencias dixitais europeos e acorde ás necesidades do centro.
- ✓ Identificar as necesidades do Desenvolvemento Profesional Continuo sobre as TIC.
- ✓ Incorporar á práctica da aula recursos dixitais que permitan maior interacción e o traballo colaborativo entre o alumnado.

#### Accións vinculadas ao alumnado

- ✓ Fomentar a participación do alumnado na reflexión sobre o seu proceso de aprendizaxe
- ✓ Iniciar ao alumnado de 4º, 5º e 6º de EP na programación por bloques e robótica
- ✓ Iniciar ao alumnado de EI, 1º, 2º E 3º de EP na robótica

#### Accións vinculadas á xestión e funcionamento do centro

- ✓ Implementar un protocolo de incidencias para a comunicación e resolución de problemas técnicos nos equipos informáticos.
- ✓ Aumentar a autonomía do profesorado na resolución de pequenos problemas técnicos
- ✓ Inventariar e modernizar o equipamento informático do centro.
- ✓ Mellorar a conexión a internet do centro
- ✓ Dispor dunha asistencia técnica eficaz para resolver os problemas cos equipos dixitais do centro
- ✓ Detectar e cubrir as necesidades do alumnado en canto ao equipamento dixital diminuindo a fenda dixital

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, tendo en conta a situación de partida, e a súa finalidade reflíctense a continuación:

#### • **Aulas: computadores, proxectores e pizarras dixitais**

Nas dúas aulas Edixgal, para que o profesorado leve a cabo a súa labor docente na aula e elabore recursos dixitais de calidade na casa, sería convinte renovar os equipos de maior antigüedad co fin de mellorar os equipos e software e facilitar o tratamento, acceso e uso de ferramentas dixitais.

Nas aulas que dispoñen de proxector, para mellorar notablemente a calidade das proxeccións; deberían renovarse os dispositivos con mais anos. Así mesmo, as pizarras dixitais máis antigas, que non funcional ou teñen un mal funcionamento, debido á dificultade para actualizar os "drivers" das mesmas, especialmente nos equipos con sistema operativo Linux, deberían ser substituídas.

A biblioteca escolr entendida como centro de recursos facilitadores da alfabetización informacional non conta con pizarra dixital, debería dotarse con este equipamento co fin de favorecer a consecución dos obxectivos, no eido dixital, recollidos no Plan LÍA.

Asemade, aula de Música, de PT e de AL non contan con proxector, pizarra dixital, ordenador fixo nin altosfalantes. Serían recursos moi valiosos que favorecerían a continuidade do proceso educativo do alumnado, a atención á diversidade e a inclusión.

#### • **Webcam:**

O centro ao dispor unicamente dunha soa webcam, vese limitado á hora de realizar actividades que requiran este dispositivo e as integradas nos ordenadores teñen unha baixa calidade. Precisaríase dispor de máis dispositivos coa finalidade de favorecer o proceso ensinanza-aprendizaxe.

#### • **Tablets**

Os dispositivos cos que contamos, en bastante mal estado, principalmente utilizados en actividades do programa de iniciación á robótica educativa limitan moitísimo a realización deste tipo de actividades nas aulas. Sería convinte renovalas co obxectivo de traballar as competencias STEM co alumnado.

#### • **Conexión Wifi**

A conexión Wifi, a pesar de contar con cinco puntos de acceso no centro, dispón dun ancho de banda deficiente e a velocidade de transferencia de datos é insuficiente nalgúns momentos puntuais. Consideramos fundamental a súa mellora co fin de garantir o normal funcionamento das aulas e realizar todasa as actividades que requiran dunha conexión estable e funcional.

## Recursos do alumnado

Detectáronse deficiencias de conectividade e dispositivos a nivel de grupo/clase. Co fin de mellorar o seguimento da dinámica da aula, debería solucionarse.

Algún alumnado non ten acceso a Internet no fogar e/ou carece de dispositivos informáticos para conectarse. Precísase mellorar esta situación co fin de garantir o seguimento do proceso educativo.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área de mellora: Liderado						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Dixitalizar os procedementos administrativos e de xestión do centro				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Secretaria e coordinador/a TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de procedementos administrativos e relacionados coa xestión do centro automatizados (enquisa)					
<b>Valor de partida</b>	Porcentaxe de procedementos administrativos e relacionados coa xestión do centro non automatizados					
<b>Valor previsto e data</b>	70% de procedementos administrativos e de xestión dixitalizados			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Detectar as necesidades de uso de ferramentas dixitais para a administración e xestión a través dunha enquisa</b>	Secretaria e coordinador/a TIC	30/09/2022	Enquisa ferramentas dixitais empregadas polo equipo directivo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Propoñer o uso de ferramentas dixitais</b>	Coordinador/a TIC	10/10/2022	Listado de ferramentas dixitais para organización do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Crear un PFPP formación dos membros do equipo directivo</b>	Coordinador TIC Coordinador PFPP	30/10/2022	PFPP xestión do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.4: Realizar a posta en práctica e valoración</b>	Secretaria e coordinadora TIC	30/04/2023	Enquisa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Áreas de mellora: Competencia dixital do profesorado						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Mellorar a competencia dixital dos docentes de acordo co nivel de competencias dixitais europeos e acorde ás necesidades do centro.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de profesorado que emprega recursos dixitais básicos (Aula Virtual e Espaz Abalar)					
<b>Valor de partida</b>	51% do profesorado non usa ferramentas dixitais co alumnado.					
<b>Valor previsto e data</b>	O 90% do profesorado emprega na aula algún recurso dixital: Aula virtual e Espazo Abalar.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO2.1: Detectar as necesidades formativas do profesorado neste ámbito.</b>	Coordinador/a TIC	30/09/22	Cuestionario de necesidades Profesorado Dispositivos dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.2: Diseñar unha liña do PFPP relacionada cos recursos dixitais.</b>	Xefatura de estudos	30/10/22	Fprofe, informe de necesidades, reunión coordinación co CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.3: Desenvolver as actividades do PFPP.</b>	Coordinador/a do grupo de traballo	30/05/23	Fprofe, CFR relatores/as,		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.4: Implementar na aula algúndos recursos dixitais creados.</b>	Xefatura de estudos	30/06/23	Equipamento informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Áreas de mellora: Desenvolvemento Profesional Continuo (DPC)						
<b>OBXECTIVO: 3</b>	Identificar as necesidades do Desenvolvemento Profesional Continuo sobre as TIC.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de profesorado participante na enquisa sobre as necesidades de Desenvolvemento Profesional Continuo (DPC) con TIC					
<b>Valor de partida</b>	0% profesorado participa na enquisa					
<b>Valor previsto e data</b>	70% profesorado participa na enquisa			Novembro 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A03.1: Convocar reunión de CCP para realizar propostas iniciais de formación en TIC.</b>	Dirección	15/09/2022	Convocatoria. Equipo informático. Persoa responsable da dirección		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.2: Diseñar enquisa coas propostas formativas para o profesorado. Incluirá campo aberto de texto "outras" para recoller máis propostas.</b>	Equipo Directivo Coordinador/a TIC	30/09/2022	Persoa coordinadora TIC. Equipo informático. Conta de correo corporativo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.3: Difundir a enquisa entre o profesorado do centro por correo electrónico para obter información sobre as súas preferencias formativas.</b>	Coordinador/a TIC	10/10/2022	Profesorado do centro. Equipos informáticos. Correo corporativo do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.4: Análise de resultados da enquisa e difusión das propostas formativas seleccionadas</b>	Equipo Directivo	20/10/2022	Coordinador/a TIC (descarga resultados). Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	

					<b>Pendente</b>	
<b>AO3.5: Reunir co asesor CFR/CAFI para trasladar as necesidades formativas e concretar liña de traballo PFPP</b>	Equipo Directivo	30/10/2022	Asesor CFR/CAFI Correo corporativo Equipo informático		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



Áreas de mellora: Pedagogía (apoios e recursos, implementación na aula ) e Prácticas de avaliación						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Incorporar á práctica da aula recursos dixitais que permitan maior interacción e o traballo colaborativo entre o alumnado.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de profesorado que emprega recursos dixitais que permiten a interacción e o traballo colaborativo.					
<b>Valor de partida</b>	Parte do profesorado emprega recursos dixitais que favorezan a interacción e o traballo colaborativo.					
<b>Valor previsto e data</b>	O 50% do profesorado emprega na aula algún recurso dixital para o traballo colaborativo e a interacción co alumnado.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO4.1: Detectar as necesidades formativas do profesorado neste ámbito.</b>	Dirección	30/10/2022	Cuestionario de necesidades.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.2: Diseñar unha liña do PFPP relacionada cos recursos dixitais.</b>	Coordinador/a do Grupo de traballo.	30/10/2022	Fprofe, informe de necesidades, reunión coordinación.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.3: Desenvolver as actividades do PFPP.</b>	Grupo de traballo	30/02/2023	Fprofe, relatores/as, orzamento para material, calendario.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.4: Implementar na aula os recursos dixitais creados.</b>	Xefatura de estudos	30/05/2023	Equipos informáticos, calendario.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Áreas de mellora: Pedagogía (apoios e recursos, implementación na aula ) e Prácticas de avaliación						
<b>OBXECTIVO 5:</b>	Fomentar a participación do alumnado na reflexión sobre o seu proceso de aprendizaxe				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador do Plan Dixital				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de profesorado que obtén información sobre a reflexión do alumnado					
<b>Valor de partida</b>	Non se dispón de % profesores obtén reflexións do alumnado					
<b>Valor previsto e data</b>	O 50% do profesorado obtén reflexións do alumnado			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO5.1: AO1.1: Formar ao profesorado no uso de instrumentos de reflexión</b>	Coordinador/a TIC Coordinadores ciclo	10/12/2022	Equipamento informático. Aula virtual. Profesorado. Actas de reunións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO5.2: Formar ao alumnado e conciencialo sobre a importancia da reflexión</b>	Coordinador TIC	10/12/2022	Equipamento informático. Aula virtual Profesorado. Alumnado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO5.3: Elaborar un instrumento para a reflexión por parte do alumnado</b>	Coordinador de ciclo	30/03/2023	Equipamento informático. Profesorado. Instrumento de reflexión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO5.4: Introducir nas enquisas de valoración da actividade docente</b>	Coordinador TIC	30/05/2023	Aula virtual Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área de mellora": Competencias dixitais do alumnado					
<b>OBXECTIVO 6:</b>	Iniciar ao alumnado de 4º, 5º e 6º de EP na programación por bloques e robótica				<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Profesorado				<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de actividades de programación/robótica desenvoltas na aula (actas do Equipo TIC, enquisas...)				
<b>Valor de partida</b>	1 actividade de programación trimestral na aula				
<b>Valor previsto e data</b>	1 actividade de programación mensual na aula			Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓ	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
<b>AO6.1: Valorar a participación no programa "Introdución á Robótica Educativa" e "Polos creativos"</b>	Secretaria e coordinadora TIC	30/09/2022	Solicitud/continuación no Programa.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO6.2: Consensuar entre o profesorado o deseño/selección de actividade con Scratch e/ou robots (MBlock, Lego MindStrom, LegoWeDo)</b>	Coordinador de ciclo	1ª semana do mes	Dispositivos para aula, Scratch robots.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO6.3: Pór en práctica nas aulas</b>	Profesorado	2ª semana do mes	Dispositivos para alumnado e profesorado, Scratch e robots.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>

Área de mellora: Competencias dixitais do alumnado					
OBXECTIVO 7:	Iniciar ao alumnado de EI, 1º, 2º e 3º de EP na robótica				Acadado
RESPONSABLE:	Profesorado				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades de robótica desenvoltas na aula				
Valor de partida	1 actividade de programación trimestral na aula				
Valor previsto e data	1 actividade de programación mensual na aula			Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓ	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓ	
				VALORACIÓN DA ACCIÓ	ESTADO
<b>A07.1: Estender o programa <i>Introdución á Robótica Educativa e Polos creativos</i> a EI, 1º, 2º, 3º EP.</b>	Coordinador/a TIC	30/09/2022	Estensión do Programa.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>A07.2: Consensuar entre o profesorado o deseño/selección de actividade con robots (Blueboot, legoWeDo, Zowi...)</b>	Coordinador de ciclo	1º semana do mes	Dispositivos para aula, robots.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>A07.3: Pór en práctica nas aulas</b>	Profesorado	2ª semana do mes	Dispositivos para aula e robots.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área de mellora: Infraestrutura dixital						
<b>OBXECTIVO 8:</b>	Implementar un protocolo de incidencias para a comunicación e resolución de problemas técnicos nos equipos informáticos.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Secretaria e coordinador/a TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	% de incidencias rexistradas no formulario					
<b>Valor de partida</b>	0 número de incidencia rexistradas					
<b>Valor previsto e data</b>	Todas as incidencias rexistradas a través do protocolo (100%)			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A08.1: Crear un protocolo de comunicación de incidencias.</b>	Secretaria e coordinadora TIC	30/09/22	Ferramenta informática para elaborar e compartir o protocolo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A08.2: Difundir o protocolo entre o persoal do centro.</b>	Secretaria e coordinador/a TIC	10/10/22	Xornada formativa e aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A08.3: Empregar o protocolo.</b>	Secretaria e coordinador/a TIC	30/06/23	Aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A08.4: Valorar a eficacia do protocolo.</b>	Secretaria e coordinador/a TIC	30/06/23	Empresa de mantemento informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Competencia Dixital							
<b>OBXECTIVO 9:</b>	Aumentar a autonomía do profesorado na resolución de pequenos problemas técnicos					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador/a TIC.					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de incidencias relacionadas con problemas técnicos sinxelos (enquisa)						
<b>Valor de partida</b>	Elevado número de problemas técnicos de solución inmediata						
<b>Valor previsto e data</b>	Redúcense considerablemente o número de incidencias derivadas de problemas técnicos de solución inmediata.				Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
<b>A09.1: Detectar dos problemas técnicos máis habituais e necesidades.</b>	Coordinador/a TIC	30/09/2022	Cuestionario de problemas técnicos.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>A09.2: Elaborar infografías informativas.</b>	Coordinador/a TIC.	30/10/2022	Equipamento informático, persoal e coordinación de horarios.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>A09.3: Difundir o material elaborado entre o profesorado.</b>	Coordinador/a TIC e profesorado.	3º mes de cada trimestre	Correo electrónico, xornadas formativas, equipamento informático e tempos.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Áreas de mellora: Infraestrutura e Equipo							
<b>OBXECTIVO 10:</b>	Inventariar e modernizar o equipamento informático do centro.					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Secretaría					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Pordentaxe de equipos informáticos actualizados no centro (inventario)						
<b>Valor de partida</b>	Case a metade do profesorado (47 %) afirma que non hai no centro dispositivos dixitais para o ensino e o profesorado (77%), principalmente, pero tamén o alumnado (55%) e os membros do equipo directivo (62 %) consideran que se necesitan máis dispositivos dixitais para que o alumnado poida usar (computadores ou tablets).						
<b>Valor previsto e data</b>	50% de novos equipos do centro				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
<b>AO10.1: Elaborar o inventario de equipamento informático actual coas súas prestacións.</b>	Secretaría	10/09/22	Tempo, lista de cotexo e folla rexistro.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>AO10.2: Establecer as necesidades prioritarias de adquisición e modernización.</b>	Coordinador/a TIC.	30/09/22	Tempo, folla rexistro e coordinación.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
<b>AO10.3: Solicitar a AMTEGA o equipamento preciso.</b>	Secretaria	30/12/22	AMTEGA			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Áreas de mellora: Infraestrutura dixital e acceso a internet						
<b>OBXECTIVO 11:</b>	Mellorar a conexión a internet do centro				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Puntuación no SELFIE do 1º trimestre sobre acceso a internet entre a comunidade educativa					
<b>Valor de partida</b>	Máis do 50 % do profesorado, alumnado e equipo directivo considera que o acceso a internet é limitado ou moi complicado					
<b>Valor previsto e data</b>	50 % do profesorado, alumnado e equipo directivo considera óptimo e doado o acceso a internet			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO11.1: Detectar as necesidades e deficiencias de conectividade e acceso</b>	Coordinador TIC	30/10/2022	Listaxe de deficiencias e necesidades de conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO11.2: Comunicar a AMTEGA a necesidade de mellorar a conexión do centro</b>	Coordinador/a TIC/Secretaria	30/10/2022	Persoal AMTEGA, equipamento e instalación.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



<b>"Área/s de mellora": Infraestrutura dixital e asistencia técnica</b>						
<b>OBXECTIVO 12:</b>	Dispor dunha asistencia técnica eficaz para resolver os problemas cos equipos dixitais do centro				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Secretaría				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	% de incidencias resoltas polo técnico					
<b>Valor de partida</b>	Máis do 50 % do profesorado, alumnado e equipo directivo considera que o acceso a internet é limitado ou moi complicado					
<b>Valor previsto e data</b>	50% de incidencias resoltas con asistencia técnica.			Decembro 2022		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO12.1: Comunicar á AMTEGA a necesidade de dispor dunha asistencia técnica continua e de calidade.</b>	Secretaria	30/10/2022	Listaxe de deficiencias e necesidades de asistencia, persoal AMTEGA		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO12.2: Crear un sistema de partes de avarías de equipos</b>	Coordinador/a TIC/Secretaria	Anual	Listaxe de deficiencias e avarías		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Área de mellora: Análise externa: recursos das familias no eido dixital						
<b>OBXECTIVO 13:</b>	Detectar e cubrir as necesidades do alumnado en canto ao equipamento dixital diminuindo a fenda dixital				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador/a TIC.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Detección e préstamo de equipamento ás familias necesitadas (cuestionario).					
<b>Valor de partida</b>	% de alumnado que non dispón dos recursos mínimos para traballar					
<b>Valor previsto e data</b>	% de alumnado que dispón dos recursos mínimos para traballar			Novembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO13.1: Detectar as necesidades das familias</b>	Coordinador/a TIC Profesorado	30/10/2022	Cuestionario de necesidades de equipamento.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO13.2: Organizar a entregar equipamento</b>	Secretaría Coordinador/a TIC	1ª quincena novembro	Equipamento informático, persoal. Folla rexistro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO13.3: Entregar equipamento e asinar as condicións de préstamo</b>	Coordinador/a TIC e profesorado.	2ª quincena novembro	Equipamento Compromiso das familias		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



## 4. Avaliación do plan

Para a coordinación, mellora e avaliación do Plan Dixital constituirase un equipo de dinamización do Plan Dixital (Comisión TIC) que liderará a implantación deste plan. Estará formado por 3 membros e un coordinador/a e os seus integrantes reuniránse, alomenos, unha vez a o mes.

Membros da Comisión TIC:

- ✓ Coordinador/a do Plan Dixital
- ✓ Coordinador/a TIC
- ✓ 1 mestre/a de Educación Infantil
- ✓ 1 mestre/a de Educación Primaria

As funcións da Comisión TIC serán as seguintes:

1. Propor ideas, dinamizar e coordinar as propostas que se elevan ao equipo directivo na elaboración do Plan de Integración do TIC de forma que contribúa ao desenvolvemento das competencias clave e implica de forma efectiva ao resto de docentes no proceso.

2. Propor e coordinar estratexias para a organización e xestión dos medios e recursos educativos relacionados coas TIC dos que dispoña o centro e mantelos operativos e actualizados, utilizando para iso a axuda técnica e pedagóxica de os Servizos de apoio de a Consellería de Educación e do equipo directivo.

7. Dar a coñecer o plan TIC.

8. Informar o profesorado sobre as novas ferramentas, os produtos e sistemas relacionados coas TIC dispoñibles para a Educación e difundir a súa utilización na aula.

9. Orientar e apoiar ao profesorado na integración das TIC para o desenvolvemento da competencia dixital, utilizando novas estratexias metodolóxicas que contemplan o aproveitamento das mesmas, en especial a través do Plan de Formación do centro educativo.

10. Actuar como elemento dinamizador e coordinar no centro educativo cantas iniciativas e proxectos que xurdan entre o profesorado e o alumnado, relacionadas coas TIC.

1. Coñecer e utilizar a oferta de recursos dixitais que pon a Administración educativa ao servizo do centro educativo (XADE, EDIXGAL, ABALAR, Aula Virtual, Webex, etc.).

2. Coordinar a dinamización do uso das ferramentas e servizos web (aulas virtuais, blogs, redes sociais, wiki, multimedia, etc.).

3. Realizar e coordinar outras tarefas relativas á utilización das TIC como recurso de ensino propostas polo equipo directivo.

4. Coñecer as relacións entre a Competencia Dixital, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria e aplicar as estratexias metodolóxicas necesarias para a integración curricular das TIC.

11. Fomentar o uso da tecnoloxía para a mellora da comunicación entre os integrantes da comunidade educativa.

12. Coñecer e utilizar os servizos de apoio e asesoramento que pon a disposición do centro a Consellería de Educación para a implantación e integración das TIC.

13. Participar en actividades de formación relacionadas coas TIC.

14. Participar en proxectos de innovación educativa con TIC.

15. Identificar e aplicar medidas de seguridade e prevención de riscos na operación de equipos tecnolóxicos.

16. Coñecer e aplicar os principios legais e éticos asociados ao uso de información dixital, os dereitos de propiedade intelectual e as licenzas de uso.

17. Coñecer os distintos riscos asociados ao uso das tecnoloxías e os riscos e ameazas na Rede e aplicar medidas de protección e seguridade.

18. Identificar e fomentar os comportamentos adecuados no ámbito dixital para protexer a información e datos persoais, propios e doutras persoas. (Identidade dixital).

Así mesmo, en canto á organización das infraestruturas e recursos dispoñibles:

1. Realizar un inventario dos recursos tecnolóxicos e informáticos dispoñibles, as súas características e estado (computadores, periféricos, canóns de proxección, pizarras dixitais, redes de comunicación, software...).

2. Establecer o réxime de uso dos espazos e recursos tecnolóxicos e informáticos do centro (normas de uso, planning horario, préstamos de material).

3. Establecer os contactos ou xestións necesarias para a adquisición de novos materiais ou recursos informáticos, así como da incorporación de novas tecnoloxías.

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar si o obxectivo proposto foi alcanzado e se é necesario realizar variacións na formulación destas accións durante o curso para que as propostas se materialicen.

Coa análise destes indicadores, elaborárase un informe avaliativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

No curso 2022/23 procederáse a implantación efectiva no centro do Plan Dixital e este estará sometido a aun proceso de avaliación e mellora continua.

## 5. Difusión do plan

O presente Plan Dixital, será presentado ao Claustro e unha vez oído este órgano, será proposto ao Consello Escolar para a súa aprobación en reunión extraordinaria no mes de xuño.

O procedemento de publicidade do plan será o seguinte:

- Este documento será publicado na páxina web do centro á Comunidade Educativa.
- As familias/alumnado serán informados por parte do equipo directivo a través de Abalar móbil.
- A ANPA do centro, será informada da publicación do Plan Dixital a través do seu representante no Consello Escolar.

Pontevedra, a 7 de xuño de 2021

V. e Pr.  
A Directora

A coordinadora

Asdo: María Gómez Barba

Asdo: María Lourdes Senra Rodríguez